

### 11.1. Folgas

É necesario sinalar con carácter previo que, á hora de examinar as cifras referentes ás folgas, tómanse estes datos coas reservas obrigadas pola disparidade que reflicten, segundo sexan ofrecidas polos distintos organismos oficiais ou os axentes sociais, sobre todo no aspecto de participantes e xornadas non traballadas que, en moitos casos, son froito de estimacións con distintos criterios.

As fontes de información son os cuestionarios estatísticos que cumprimentan, para cada una das folgas ou peches patronais, as unidades administrativas competentes das Comunidades Autónomas e a Dirección Xeneral de Traballo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, dependendo do ámbito territorial de convocatoria do conflito. Este conxunto de información é remitido mensualmente a Subdirección

Xeneral de Estatísticas Sociais e Laborais do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para a elaboración da correspondente estatística a nivel estatal.

Ademais, posto que non existe obriga formal, por parte das empresas, de comunicar a autoridade laboral o número de traballadores/as participantes nas folgas, as autoridades laborais provinciais conseguen devandita información a través dalgunhas das seguintes fontes: consulta directa ás empresas, consulta ás organizacións patronais e sindicais, ou ben, facendo seguimento das folgas mediante enquisas.

A información ofrecida neste apartado refírese a todas as folgas das que se tivo coñecemento, exista ou non constancia administrativa previa da súa convocatoria, excepto os seguintes tipos de folgas:

- As que non implican xornadas non traballadas, como as chamadas folgas de celo.
- As de duración inferior a una hora.
- As que se refiren a actividades convencionalmente non produtivas: folgas de estudantes, de consumidores, etc.
- As que afectan a colectivos sen dereito a folga: persoal militar e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

A unidade folga, obxecto da estatística, asóciase á unidade de convocatoria, independentemente do seu ámbito territorial, sectorial e temporal, así como do seu carácter continuo o discontinuo.

Nas folgas desenvolvidas no ano inclúense todas as que tiveran incidencia no mesmo, podendo comezar nese ano ou en períodos anteriores.

Enténdese por centros de traballo e equipos “convocados”, aqueles centros e os seus respectivos equipos que pertencen ao ámbito de convocatoria da folga, podendo participar o non na mesma.

Por traballadores/as participantes enténdese o número de traballadores/as que efectivamente participaron na folga suspendendo o seu traballo, xa sexa durante todo o tempo de duración do conflito ou nunha parte do mesmo.

O número de xornadas non traballadas obtense, nos conflitos de días completos e con participación constante, multiplicando o número de traballadores/as participantes polo número de días laborables de duración do conflito; nos conflitos nos que a participación non é constante e/ou a interrupción do traballo non afecta á xornada completa (entendendo por xornada completa a xornada laboral habitual que realiza un traballador sen incluír, en ningún caso, as horas extraordinarias), o cálculo das xornadas non traballadas en cada folga obtense multiplicando o número de traballadores/as que participaron cada un dos días de duración da folga pola parte da xornada non traballada cada día e sumando este resultado para todos os días de duración.

Os datos anuais e acumulados preséntanse regularizados, é dicir, contabilízase unha soa vez o número de folgas, cadros de persoal das empresas e traballadores/as afectados, co fin de eliminar aquelas folgas que, iniciadas nun mes dado, continúan en meses sucesivos. Polo contrario, as xornadas non traballadas en cada mes, si se suman no caso anteriormente mencionado.

Sen entrar en valoracións numéricas comparativas con anos anteriores, dada a variación no tempo de cifras que se ofrecen polas mesmas fontes, pódese dar un cadro xeral das consideradas neste momento desde 1999 a 2008 a nivel estatal (cadro

11.1) que permite observar o incremento do número de folgas en relación co ano anterior. O número de traballadores participantes ascende ao igual que se aprecia un incremento nas xornadas non traballadas.

■ Cadro 11.1 Evolución das folgas desenvolvidas segundo principais características. España. 1999 - 2008

|             | Folgas     | Participantes <sup>(1)</sup> | Xornadas<br>non traballadas <sup>(1)</sup> | Centros de traballo convocados |                                 |
|-------------|------------|------------------------------|--------------------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|
|             |            |                              |                                            | Número                         | Cadro de persoal <sup>(1)</sup> |
| 1999        | 749        | 1.125,1                      | 1.477,5                                    | 91.388                         | 2.463,2                         |
| 2000        | 750        | 2.061,3                      | 3.577,3                                    | 722.129                        | 6.096,6                         |
| 2001        | 737        | 1.242,5                      | 1.917,0                                    | 574.648                        | 5.885,9                         |
| 2002        | 684        | 4.582,2                      | 4.938,5                                    | 2.063.113                      | 17.390,8                        |
| 2003        | 674        | 728,5                        | 789,0                                      | 587.485                        | 4.702,7                         |
| 2004        | 707        | 555,8                        | 4.472,2                                    | 74.615                         | 1.607,1                         |
| 2005        | 669        | 331,3                        | 758,9                                      | 42.055                         | 1.454,3                         |
| 2006        | 779        | 499,2                        | 927,4                                      | 130.298                        | 1.504,2                         |
| 2007        | 751        | 492,1                        | 1.182,7                                    | 45.235                         | 1.429,2                         |
| <b>2008</b> | <b>810</b> | <b>542,5</b>                 | <b>1.508,7</b>                             | <b>581.350</b>                 | <b>5.860,4</b>                  |

(1) Datos en miles

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Como pode verse no cadro 11.2 foron realizadas, durante 2008, 14 folgas autonómicas, 13 de sector e 1 de empresa.

Folgas de ámbito autonómico convocadas, non realizadas e realizadas. Ano 2008

■ Cadro 11.2

|               | Folgas     |                |            |
|---------------|------------|----------------|------------|
|               | Convocadas | Non realizadas | Realizadas |
| Empresa       | 1          | —              | 1          |
| Sector        | 13         | 4              | 9          |
| <b>Totais</b> | <b>14</b>  | <b>4</b>       | <b>10</b>  |

Fonte: Consellería de Trabajo e Benestar. Dirección Xeral Relacións Laborais

**Cadro 11.3**
**Folgas de ámbito autómico desenvolvidas no ano 2008, segundo o motivo ou a causa da convocatoria**

|                                                                                 | 11 | 12 | 13 | 14 | 20 | 21 | 22 | 24 | 25                                                                   | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 40 | 50 | 60 | Total |
|---------------------------------------------------------------------------------|----|----|----|----|----|----|----|----|----------------------------------------------------------------------|----|----|----|----|----|----|----|----|-------|
| Empresa                                                                         |    |    |    |    |    |    |    | 1  |                                                                      |    |    |    |    |    |    |    |    | 1     |
| Sector                                                                          |    |    |    |    |    |    | 2  |    |                                                                      |    |    | 3  | 4  |    |    |    |    | 9     |
| <b>Total</b>                                                                    |    |    |    |    |    |    | 2  | 1  |                                                                      |    |    | 3  | 4  |    |    |    |    | 10    |
| Conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo |    |    |    |    |    |    |    |    | Conflitos non derivados do proceso de negociación colectiva          |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| (11).- Presión pola negativa a negociar un convenio                             |    |    |    |    |    |    |    |    | (20).- Reversión industrial                                          |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| (12).- Presión pola negativa a revisar un convenio                              |    |    |    |    |    |    |    |    | (21).- Regulación de emprego (exclu. os de reconv. industrial)       |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| (13).- Presión durante a negociación dun convenio                               |    |    |    |    |    |    |    |    | (22).- Organización/sistemas de traballo                             |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| (14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente                         |    |    |    |    |    |    |    |    | (23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene                       |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| (30).- Conflitos relacionados con causas sindicais                              |    |    |    |    |    |    |    |    | (24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias      |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| (40).- Conflitos de solidariedade                                               |    |    |    |    |    |    |    |    | (25).- Incumprimento de acordos ou normas legais                     |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| (50).- Outros conflitos motivados polo anuncio                                  |    |    |    |    |    |    |    |    | (26).- Falta de pagamento de salarios                                |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| ou aplicación de medida de política económica-social                            |    |    |    |    |    |    |    |    | (27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio  |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
| (60).- Conflitos por outras causas non laborais                                 |    |    |    |    |    |    |    |    | (28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio |    |    |    |    |    |    |    |    |       |
|                                                                                 |    |    |    |    |    |    |    |    | (29).- Outras causas laborais                                        |    |    |    |    |    |    |    |    |       |

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral Relacións Laborais

Polo que se refire ás folgas provinciais (cadro 11.4), en 2008 foron realizadas 61, resaltando, no número de folgas, a provincia de Pontevedra e destacando significativamente nesta última o número de traballadores/as participantes e xornadas non traballadas.

**Cadro 11.4**
**Folgas Provinciais. Galicia. 2008**

|               | Folgas     |                |            | Días de folga | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas | % de Traballadores participantes |
|---------------|------------|----------------|------------|---------------|-----------------------------|--------------------------|----------------------------------|
|               | Convocadas | Non realizadas | Realizadas |               |                             |                          |                                  |
| A Coruña      | 47         | 30             | 17         | 60            | 3.006                       | 5.609                    | 5,9                              |
| Lugo          | 19         | 8              | 11         | 32            | 1.375                       | 1.634                    | 2,7                              |
| Ourense       | 10         | 4              | 6          | 8             | 679                         | 694,5                    | 1,3                              |
| Pontevedra    | 59         | 32             | 27         | 139           | 45.740                      | 91.333                   | 90,0                             |
| <b>Totais</b> | <b>135</b> | <b>74</b>      | <b>61</b>  | <b>239</b>    | <b>50.800</b>               | <b>99.270,5</b>          | <b>100,0</b>                     |

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral Relacións Laborais

Das 61 folgas de carácter provincial realizadas na Comunidade Autónoma, 56 fórono de empresa e 5 de sector (cadro 11.5).

■ Cadro 11.5

Folgas provinciais, de empresa e sector. Galicia. 2008

|            |                         | Realizadas | Centros de<br>traballo | Cadro de<br>persoal | Traballadores<br>participantes | Días de<br>duración | Xornadas non<br>traballadas | Servizos<br>mínimos |
|------------|-------------------------|------------|------------------------|---------------------|--------------------------------|---------------------|-----------------------------|---------------------|
| A Coruña   | Empresa                 | 17         | 22                     | 4.210               | 3.006                          | 60                  | 5.609                       | 434                 |
|            | Sector                  |            |                        |                     |                                |                     |                             |                     |
|            | <b>Total</b>            | <b>17</b>  | <b>22</b>              | <b>4.210</b>        | <b>3.006</b>                   | <b>60</b>           | <b>5.609</b>                | <b>434</b>          |
| Lugo       | Empresa                 | 11         | 121                    | 2.735               | 1.375                          | 32                  | 1.634                       | 241                 |
|            | Sector                  |            |                        |                     |                                |                     |                             |                     |
|            | <b>Total</b>            | <b>11</b>  | <b>121</b>             | <b>2.735</b>        | <b>1.375</b>                   | <b>32</b>           | <b>1.634</b>                | <b>241</b>          |
| Ourense    | Empresa                 | 6          | 12                     | 696                 | 679                            | 8                   | 694,5                       |                     |
|            | Sector                  |            |                        |                     |                                |                     |                             |                     |
|            | <b>Total</b>            | <b>6</b>   | <b>12</b>              | <b>696</b>          | <b>679</b>                     | <b>8</b>            | <b>694,5</b>                |                     |
| Pontevedra | Empresa                 | 22         | 82                     | 3.121               | 3.161                          | 122                 | 3.954                       | 56                  |
|            | Sector                  | 5          | 4.520                  | 46.609              | 42.579                         | 17                  | 87.379                      | 2.431               |
|            | <b>Total</b>            | <b>27</b>  | <b>4.602</b>           | <b>49.730</b>       | <b>45.740</b>                  | <b>139</b>          | <b>91.333</b>               | <b>2.487</b>        |
| GALICIA    | Empresa                 | 56         | 237                    | 10.762              | 8.221                          | 222                 | 11.892                      | 731                 |
|            | Sector                  | 5          | 4.520                  | 46.609              | 42.579                         | 17                  | 87.379                      | 2.431               |
|            | <b>Total provincial</b> | <b>61</b>  | <b>4.757</b>           | <b>57.371</b>       | <b>50.800</b>                  | <b>239</b>          | <b>99.270,5</b>             | <b>3.162</b>        |

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral Relacións Laborais

A causa de “presión durante la negociación de un convenio” é o motivo específico máis frecuente das folgas realizadas no ano 2008 (cadro I I.6).

■ Cadro 11.6

Folgas de ámbito provincial desenvolvidas no ano 2008, segundo o motivo ou a causa da convocatoria. Galicia 2008

|              | 11       | 12       | 13        | 14       | 20 | 21       | 22       | 23 | 24       | 25       | 26       | 27 | 28 | 29       | 30 | 40       | 50       | 60 | Total     |
|--------------|----------|----------|-----------|----------|----|----------|----------|----|----------|----------|----------|----|----|----------|----|----------|----------|----|-----------|
| A Coruña     |          | 1        | 3         | 2        |    | 1        | 3        |    |          | 1        | 2        |    |    | 2        |    | 1        | 1        |    | 17        |
| Lugo         |          |          | 3         |          |    |          |          |    | 5        |          | 1        |    |    | 2        |    |          |          |    | 11        |
| Ourense      |          | 3        |           |          |    |          |          |    |          | 1        | 2        |    |    |          |    |          |          |    | 6         |
| Pontevedra   | 2        |          | 5         | 1        |    |          | 6        |    |          | 6        | 3        |    |    | 4        |    |          |          |    | 27        |
| <b>Total</b> | <b>2</b> | <b>4</b> | <b>11</b> | <b>3</b> |    | <b>1</b> | <b>9</b> |    | <b>5</b> | <b>8</b> | <b>8</b> |    |    | <b>8</b> |    | <b>1</b> | <b>1</b> |    | <b>61</b> |

| Conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | Conflitos non derivados do proceso de negociación colectiva                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (11).- Presión pola negativa a negociar un convenio<br>(12).- Presión pola negativa a revisar un convenio<br>(13).- Presión durante a negociación dun convenio<br>(14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente<br>(30).- Conflitos relacionados con causas sindicais<br>(40).- Conflitos de solidariedade<br>(50).- Outros conflitos motivados polo anuncio ou aplicación de medida de política económica-social<br>(60).- Conflitos por outras causas non laborais | (20).- Reconversión industrial<br>(21).- Regulación de emprego (exclu. os de reconv. industrial)<br>(22).- Organización/sistemas de traballo<br>(23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene<br>(24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias<br>(25).- Incumprimento de acordos ou normas legais<br>(26).- Falta de pagamento de salarios<br>(27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio<br>(28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio<br>(29).- Outras causas laborais |

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral Relacións Laborais

No que á evolución se refire (cadro I I.7), tomada unha serie anual ampla, en Galicia pode observarse que, nas folgas provinciais, se ben a cifra das realizadas manifestase lixeiramente superior á do ano anterior, tanto as dos traballadores participantes como as de xornadas non traballadas diminuíron claramente aínda que son superiores as dos anos anteriores.

**Cadro 11.7**
**Evolución das folgas provinciais. Galicia. 1999 - 2008**

|             | Folgas     |             |            | Días de folga | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas |
|-------------|------------|-------------|------------|---------------|-----------------------------|--------------------------|
|             | Convocadas | Suspendidas | Realizadas |               |                             |                          |
| 1999        | 100        | 50          | 49         | 280           | 25.969                      | 131.640                  |
| 2000        | 84         | 44          | 44         | 288           | 8.881                       | 99.351                   |
| 2001        | 73         | 48          | 29         | 440           | 5.261                       | 24.186                   |
| 2002        | 83         | 50          | 36         | 364           | 6.514                       | 49.714                   |
| 2003        | 82         | 48          | 36         | 316           | 2.375                       | 8.758                    |
| 2004        | 85         | 41          | 44         | 249           | 4.820                       | 25.435                   |
| 2005        | 91         | 57          | 34         | 392           | 2.399                       | 10.059                   |
| 2006        | 126        | 72          | 57         | 453           | 31.209                      | 158.665                  |
| 2007        | 132        | 74          | 58         | 390           | 100.088                     | 391.081                  |
| <b>2008</b> | <b>135</b> | <b>74</b>   | <b>61</b>  | <b>239</b>    | <b>50.800</b>               | <b>99.271</b>            |

Elaboración propia

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais

Por último (cadro 11.8), e con datos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, ofrécese unha perspectiva da incidencia das folgas nas provincias, con independencia do ámbito territorial de convocatoria das mesmas, dato que non permite análise dada a disparidade que se aprecia nas cifras en relación coas anteriormente sinaladas.

**Repercusión das folgas. Traballadores participantes e xornadas non traballadas. Por criterio de repercusión por provincia. Galicia. 2008**
**Cadro 11.8**

|                | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas |
|----------------|-----------------------------|--------------------------|
| A Coruña       | 4,3                         | 10,5                     |
| Lugo           | 1,3                         | 1,9                      |
| Ourense        | 0,8                         | 2,9                      |
| Pontevedra     | 44,5                        | 92,7                     |
| <b>Galicia</b> | <b>50,9</b>                 | <b>108,0</b>             |

En miles

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Traballo e Inmigración

## 11.2. Conciliacións colectivas e individuais

Incorpóranse os cadros nos que, segundo datos facilitados pola Consellería de Traballo, aparecen reflectidos os conflitos colectivos e individuais en que participou a Comunidade Autónoma galega e o resultado obtido.

No que a conciliacións individuais se refire resaltan as cifras de reclamacións de cantidade e despedimentos con avinza e as cantidades acordadas, sendo clara a alta actividade destas unidades en relación cos despedimentos acordados.

A construción é a actividade económica que máis conciliacións individuais rexistra na Comunidade Autónoma.

■ Cadro 11.9

Conciliacións colectivas. Galicia

|                           | Nº Conciliacións | Asunto                                                                                                                                      | Nº Traballadores | Nº Empresas |
|---------------------------|------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-------------|
| Con avinza                | 1                | Por aplicar a subida salarial pactada a conceptos non salariais en contra do acordado                                                       | 45               | 1           |
|                           | 1                | Decisión empresarial de establecer unilateralmente o calendario de vacacións do ano 2008                                                    | 62               | 1           |
|                           | 2                | Limitación dous o de transporte gratuíto dos conxugues e fillos menores de 18 anos dos traballadores en activo, a dúas persoas por autobús. | 58               | 2           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 400              | 1           |
|                           | 1                | Modificación condicións traballo                                                                                                            | 7                | 1           |
|                           | 1                | Xornada de traballo                                                                                                                         | 19               | 1           |
|                           | 1                | Incumprimento do artigo 104 do Convenio colectivo de caixas de aforros                                                                      | 2.200            | 1           |
|                           | 1                | Constitución do comité intercentros                                                                                                         | 469              | 1           |
|                           | 1                | Aplicación dos artigos do convenio colectivo referidos á remuneración e o pagamento dos salarios                                            | 61               | 1           |
|                           | 2                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 330              | 1           |
|                           | 2                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 723              | 2           |
|                           | 1                | Distribución xornada traballo                                                                                                               | 33               | 1           |
|                           | 1                | Xornada laboral                                                                                                                             | 48               | 2           |
|                           | 2                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 45               | 6           |
|                           | 4                | Calendario laboral e clasificación profesional                                                                                              | 350              | 4           |
|                           | 2                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 32               | 1           |
|                           | 2                | Interpretación concesión licencias, días de libre disposición                                                                               | 4.010            | 2           |
|                           | 1                | Problemas horarios                                                                                                                          | 47               | 6           |
|                           | 1                | Modificación substancial condicións traballo                                                                                                | 200              | 1           |
|                           | 1                | Adaptación ao convenio colectivo do concello                                                                                                | 13               | 1           |
| Sen avinza                | 1                | En materia de eleccións sindicais                                                                                                           | 200              | 5           |
|                           | 1                | Función da categoría profesional                                                                                                            | 55               | 1           |
|                           | 1                | Interpretación do convenio                                                                                                                  | 200              | 3           |
|                           | 1                | Aplicación taboas salariais                                                                                                                 | 30               | 1           |
|                           | 1                | Discriminación posto traballo                                                                                                               | 10               | 2           |
|                           | 2                | Dereito a percibir media dieta e condicións salariais                                                                                       | 44               | 2           |
|                           | 1                | Xornada laboral                                                                                                                             | 50               | 1           |
|                           | 1                | Calendario de traballo                                                                                                                      | 52               | 1           |
|                           | 1                | Reclamación de dereito                                                                                                                      | 130              | 1           |
|                           | 2                | Modificación substancial calendario laboral                                                                                                 | 130              | 2           |
|                           | 2                | Horas extras, modificación substancial das condicións de traballo                                                                           | 400              | 2           |
|                           | 1                | Calendario laboral e quendas                                                                                                                | 1.000            | 1           |
|                           | 3                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 130              | 3           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 300              | 1           |
|                           | 1                | Conflito                                                                                                                                    | 27               | 1           |
|                           | 7                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 2.330            | 7           |
|                           | 1                | Sistemas coberturas vacantes                                                                                                                | 50               | 1           |
|                           | 1                | Horario de apertura sábados, domingos e festivos                                                                                            | 500              | 1           |
|                           | 1                | Reclamación conceptos retributivos de convenio                                                                                              | 80               | 1           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 250              | 1           |
| Tentadas sen efecto       | 1                | Plus antigüidade                                                                                                                            | 1.500            | 1           |
|                           | 1                | Xornada calendario laboral anual                                                                                                            | 80               | 1           |
|                           | 1                | Recoñecemento incremento convenio cantidade                                                                                                 | 30               | 1           |
|                           | 3                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 368              | 3           |
|                           | 2                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 104              | 2           |
|                           | 2                | Problemas salariais modificación substancial das condicións de traballo                                                                     | 5                | 2           |
|                           | 1                | Impugnación calendario laboral                                                                                                              | 15               | 1           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 25               | 1           |
|                           | 2                | Retribución días del T por enfermidade común accidente non laboral, vacacións. aplicación do IV Acordo marco do Grupo Repsol YPF            | 147              | 2           |
|                           | 1                | Problemas horarios                                                                                                                          | 17               | 1           |
|                           | 1                | Incremento do complemento de produtividade                                                                                                  | 200              | 1           |
|                           | 1                | Acción declarativa de conflito colectivo                                                                                                    | 80               | 2           |
|                           | 1                | Negociación dos cadros de servizo de Vigo, Pontevedra e as Gándaras                                                                         | 35               | 1           |
|                           | 1                | Acción declarativa de conflito colectivo                                                                                                    | 8                | 1           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 6.000            | 6           |
|                           | 1                | Vulneración do artigo 15 do convenio: vacacións                                                                                             | 135              | 1           |
|                           | 1                | Conflito                                                                                                                                    | 118              | 1           |
|                           | 1                | Interpretación convenio                                                                                                                     | 500              | 6           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 300              | 1           |
|                           | 1                | Modificación horario de traballo                                                                                                            | 180              | 1           |
| Tidas por non presentadas | 2                | Conflito                                                                                                                                    | 19               | 2           |
|                           | 1                | Recoñecemento dereito consulta médica                                                                                                       | 70               | 1           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 10.000           | 1           |
|                           | 2                | Recoñecemento da condición máis beneficiosa. Dereito a cantidades derivadas do cómputo da antigüidade                                       | 10.270           | 2           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 100              | 1           |
| Desistidas                | 1                | Modificación obrigatoria e sen compensación económica da xornada laboral                                                                    | 36               | 1           |
|                           | 2                | Declaración de folga ilegal Incumprimento de pacto                                                                                          | 280              | 2           |
|                           | 1                | Modificación substancial das condicións de traballo                                                                                         | 11               | 1           |
| Outros motivos            | 1                | Xornada laboral                                                                                                                             | 52               | 1           |
|                           | 1                | IPC                                                                                                                                         | 40               | 1           |
| Total Galicia             | 1                | Actualización de salarios do convenio                                                                                                       | 116              | 1           |
|                           | 99               |                                                                                                                                             | 45.961           | 125         |

■ Cadro 11.10

**Expedientes tramitados na Dirección Xeral de Relacións Laborais,  
segundo resolución e asunto. Ano 2008.**

| CONCILIACIÓNS COLECTIVAS  | N.º conciliacións | Asunto                                                                                | N.º traballadores | N.º empresas |
|---------------------------|-------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------|
| Con avinza                | 1                 | Por aplicar a subida salarial pactada a conceptos non salariais en contra do acordado | 45                | 1            |
| Sen avinza                | 1                 | Incumprimento do artigo 104 do Convenio colectivo de caixas de aforros                | 2.200             | 1            |
|                           | 1                 | Constitución do comité intercentros                                                   | 469               | 1            |
| Tentadas sen efecto       |                   |                                                                                       |                   |              |
| Tidas por non presentadas |                   |                                                                                       |                   |              |
| Desistidas                | 1                 | Modificación substancial das condicións de traballo                                   | 11                | 1            |
| Outros motivos            |                   |                                                                                       |                   |              |
| <b>Totais</b>             | <b>4</b>          |                                                                                       | <b>2.725</b>      | <b>4</b>     |

■ Cadro 11.11

**Conciliacións colectivas terminadas, segundo resolución e motivo ou asunto. Ámbito territorial provincial e da Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2008. A Coruña**

| CONCILIACIÓNS COLECTIVAS  | N.º conciliacións | Asunto                                                                                                                                      | N.º traballadores | N.º empresas |
|---------------------------|-------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------|
| Con avinza                | 1                 | Decisión empresarial de establecer unilateralmente o calendario de vacacións do ano 2008                                                    | 62                | 1            |
